

A Biblioteca de Madeiras do Mundo dá outro estirón

O taller de Agustín Bastón en Rodeira incorpora 23 exemplares á colección, que estará aberta ao público polas Letras Galegas



Algunhas das 23 novas incorporacións á orixinal colección artística. | // G.N. / Gonzalo M. Portela

Gonzalo M. Portela

Cangas, 13 MAY 2022 – Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/05/13/biblioteca-madeiras-do-mundo-da-66036684.html>

Arte, coñecemento, ecoloxía, pensamento, poesía ou diversión florecen cada mes de maio no **Eco Espazo da Madeira que o artesán Agustín Bastón ten en Rodeira** e que alberga e ve medrar a Biblioteca de Madeiras do Mundo, un proxecto que puxo a andar en 2015 con obras propias e alleas plasmadas sobre libros de madeira. Unha idea orixinal e, que se saiba, única para celebrar as **Letras Galegas** e que incorpora **23 exemplares** nesta edición –**ata acadar xa as 183**– que estará aberta ao público **desde o luns, día 17**, en horario de mañá e tarde agás os domingos, que só se ofrecerá en sesión matinal.

Ao “grito” de Edvard Munch remiten dúas das obras recén chegadas, unha do actor **Víctor Fábregas** (“Os Tonechos” da TVG), coa mensaxe “alguén me dixo algunha vez que había que saber escoitar a madeira”, neste caso **cerdeira de Santa Lucía**, e outro da viguesa **Beatriz Barciela**, que aflora sentimentos en **madeira de liquidámbar**, e convida: “Hoy te doy mi alma mientras tú me muestras la tuya”.



Agustín Bastón, cunha das obras que poderá verse no seu taller de Rodeira. | // G.N. / Gonzalo M. Portela

De África ven o **ébano** (ebanista ven de aí) que utiliza a profesora e galerista **Sara Pérez Bello** na súa “Resistencia matriarca”, envolta como agasallo en fío de ouro; arte didáctica en **teixo** de **Beatriz Cardoso** con “O caruncho da madeira”; pezas en **guayacán, fumo bravo ou vimbieiro** de **Agustín Bastón** que son arte en si mesma, sen a penas intervención; un retrato de homenaxe a Rosalía de Castro en *larix decidua*; unha fotografía difuminada de **Ana Fernández** sobre *angelín pedra* de Brasil ou unha porción de madeira de **ameneiro** rescatado, eschachado, nunha ladeira en Maderuelo son outras das aportacións á colección.

A artista **María Fortes** opta por reproducir a portada do libro “La nación de las plantas”, de Stefano Mancusa sobre un exemplar de **castaño de Indias** talado na Gran Vía de Vigo; o arquitecto **Rafael Oliveira** elixe un tronco de **limoeiro** para unha representación orográfica sobre os aneis de crecemento da especie; **Joaquín González** traballa “el amor” sobre madeira de **alcanfor** e o pintor francés **Mois Dkoff** escolle a madeira africana **akoga** para decoralo, en contraste, cunha colorista sobrolapa.

Te puede interesar

As novas aportacións complétanse con catro **poemas visuais** de **Xosé María Álvarez Cáccamo** e algunhas que están en camiño, como a do reporteiro **Antón Leiro** en **olmo negro** e as dos mestres **Alberto Pena**, realizada en madeira de **quebracho**, e **Paloma Llorente** en *cercis siliquastrum* ou “madeira do amor”, simbiose que brota e que se ofrece nesta orixinal biblioteca en Cangas.